



RESOLUCION DO CONCELLEIRO DELEGADO DE EDUCACION , IGUALDADE E PARTICIPACION

En xuño de 2023 foron aprobados definitivamente os Orzamentos municipais , figurando expresamente na Base 33 das de execución do orzamento subvención nominativa prevista para a Asociación Cultural O Castelo para o proxecto Andaina 2023 cunha consignación orzamentaria inicial de 1.000 euros.

En data 1 de decembro de 2023 , n.º RE 979 se presenta por Daniel Cao Vieito , en representación da Asociación , solicitude de subvención nominativa polo proxecto referido por importe de 1.000, 00 no que se contempla a xa realizada andaina o día 15 de outubro de 2023 , por un importe total de 1.074,07 euros.

Emitiuse informe de Secretaría en relación co procedemento e a lexislación aplicable para a concesión directa de subvencións.

Realizouse a retención de crédito oportuna (3495) , figurando informe no que se acreditaba a consignación de suficiente aplicación orzamentaria nos Orzamentos .

En data 26 de decembro se incorpora polo servizo ao expediente certificado positivo da AEAT e ATIGA.

En data 26 de decembro de 2023 se aporta xustificante de abono de factura das camisetas.

Figura no expediente informe no que se acreditaba a consignación de suficiente aplicación orzamentaria nos Orzamentos , así como informe de fiscalización favorable, coas seguintes observacións:

“ Non queda documentalmente acreditado o abono da factura do subministro de froita en tanto non se aporta xustificante de pagamento por transferencia bancaria nin a factura está selada asinada e coa lenda de pagado.

Gastos imputables: 1041,25.

Ingresos: 0,00.

Orzamento imputable: 1.041,25 euros.

Subvención máxima: 1.000,00 euros.”

(..)

“ Segundo consta no Registro Municipal de Asociacións, segundo os seus Estatutos a Asociación Cultural O Castelo de Alfoz ten como obxectivos sociais :





promover,desarrollar, impulsar y participar en toda actividad de tipo cultural, entendiéndose esta en su más amplo sentido de la palabra y en sus diferentes expresiones.”

Como se indica a maiores na Memoria da actividade:

Cabe destacar este acto deportivo como unha innovación ou diversificación das actividades organizadas pola Asociación Cultural O Castelo, posto que esta adoita centrarse máis en eventos culturais e artísticos.

- artigo 11 da Lei Xeral de Subvencións: 1. Tendrá la consideración de beneficiario de subvenciones la persona que haya de realizar la actividad que fundamentó su otorgamiento o que se encuentre en la situación que legitima su concesión.

Non poñendo en dúbida a realización da actividade, sí que se quere facer constar que de “ diversificar” actividades a Asociación incorporando tamén a realización de actividades puramente de carácter deportivo, deberían de modificar os seus estatutos para que quede claro que a realización dese tipo de actividades entra dentro do seu obxecto social e por tanto da súa capacidade; se non se emite informe negativo neste suposto concreto é porque a andaina non é unha actividade federada que requira autorizacións de órganos competentes en materia deportiva e porque no proxecto levado a cabo a actividade en sí , a andaina, pode ser analizada dende unha perspectiva mais amplia que unha mera actividade deportiva, en tanto se considera que a actividade física é máis un medio que un fin .

*Así, ao realizarse nun entorno natural, tamén podería ter cabida como actividade turística e /ou de esparcemento en xeral conforme á definición dada pola Secretaría General de Turismo (SGT) sobre o turismo de natureza : «aquél que tiene como principales motivaciones la **realización de actividades recreativas y de esparcimiento**, la interpretación y/o conocimiento de la naturaleza, con diferente grado de profundidad y la práctica de actividades deportivas de diferente intensidad física y riesgo que usen expresamente el medio natural de forma específica, garantizando la seguridad del turista, sin degradar o agotar los recursos» .*

Considérase que o expediente 491/2023 seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable, polo que en exercicio das competencias delegadas (decreto 453/2023, de 29 de xuño) RESOLVIN:

PRIMEIRO. Conceder á Asociación Cultural O Castelo , provisto de CIF G- 27 105816 subvención nominativa por importe de 1.000,00 euros polo proxecto: Andaina 2023.

SEGUNDO. Proceder á autorización e disposición do gasto, e pagamento por un importe de 1.000,00 euros con cargo ao capítulo IV do vixente orzamento de gastos da Corporación , da que existe documento de Retención de Crédito RC 3495 expedido por Intervención.

TERCEIRO. Notificar aos interesados o outorgamento da concesión da





CONCELLO DE ALFOZ

A Seara, s/n
27776 Alfóz (Lugo)
Tel.: 982 558 581 Fax: 982 558 504
E-mail: concello.alfoz@eidolocal.es
www.concellodealfoz.com

subvención.

En Alfóz, na data da sinatura electrónica.

O Concelleiro Delegado de Educación, Igualdade e Participación.
Asdo. Eliseo Lorenzo García.

